

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR14I1GX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-06-20 09:15

Asunto
AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

SANTAIGODECOMO *Interesado y Localización de la Actividad*
CONCELLO



DECRETO.- Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2020

I.- Por Decreto de 25 de novembro de 2013, o Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade aprobou as normas que rexen as autorizacións da celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares, dándose conta do acordo á Xunta de Goberno Local de 28 de novembro do mesmo ano.

Posteriormente, por distintas resolucións modificáronse a disposición VIII e os anexos que acompañaban a dita normativa, tanto en canto ós prazos para a tramitación das autorizacións (Decreto de 28 de marzo de 2014); sobre os emprazamentos, mediante a creación dun novo espazo no Arco do Pazo de Xelmirez (Decreto 12 de decembro de 2014) e na praza da Inmaculada para os artesáns delimitando 20 postos para esta finalidade (Decreto 16 de marzo de 2017).

II.- Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola propagación do virus COVID 19, tanto a escala nacional como internacional, o Goberno declarou o estado de alarma, prorrogado en diversas ocasións e que rematou o 21 de xuño de 2020.

Na actualidade, se están a reducir gradualmente as medidas extraordinarias de resitricción da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o Decreto 463/2020, de 14 de marzo. O obxectivo destas medidas é conquistar que, preservando a saúde pública, se recupere paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación e evitando que as capacidades do sistema de saúde poidan desbordarse.

Neste contexto e tendo superado xa en Galicia a fase III da desescalada e habendo recuperado o goberno galego as competencias correspondentes en materia sanitaria, aprobase a resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de xeito que quede garantido, por unha banda, que a cidadanía evite comportamentos que xeren riscos de propagación da enfermidade e, por outra banda, que as actividades en que poida xerarse un maior risco de transmisión comunitaria da enfermidade se desenvolvan en condicións que permitan en todo momento previr os riscos de contaxio.

Neste sentido procede salientar que, ben que se superou a fase aguda da pandemia, debemos manter aquelas formas de vivir que se mostraron eficaces na loita contra a dita pandemia e cambiar aquelas outras que nos prexudicaron. Así, as medidas que se contemplan nesta resolución

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR14I1GX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-06-20 09:15

responden, por unha banda, a un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica.

E, á vez, é necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas seguintes premisas: hixiene frecuente de mans; hixiene respiratoria (evitar tusir directamente ao aire e tocar a cara, o nariz e os ollos); distancia interpersoal mínima de 1,5 metros; uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersoal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; preferencia por actividades ao aire libre e de pouca duración; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles co COVID-19 (febrea, tose ou dificultade para respirar) ou outros síntomas, como falta de olfacto ou gusto.

Con estes criterios, recollidos no Anexo sobre medidas de prevención se ten estudado por este Servizo de Mobilidade e Seguridade, os emprazamentos axeitados para o desenvolvemento das actividades artísticas promovidas por particulares na vía pública, chegándose á conclusión de que, para garantir o distanciamento social e evitar o risco de contaxios era preciso diminuír as localizacións contempladas no Anexo 1 das normas aprobadas, de tal xeito que soamente poderán desenvolverse as actividades que se relacionan, nos seguintes emprazamentos:

Praza do Obradoiro, entrada por Fonseca (mimos, músicos e fotógrafos e outros artistas plásticos)
Praza da Inmaculada, artesáns
Soportais de correos, pintores e outros artistas plásticos
Arco do pazo de Xelmírez, gaiteiros e cantantes líricos.

No parque da Alameda e na Avda. De Xoán XXIII non terá limitación a posibilidade de desenvolver actividades musicais, sempre que os artistas respecten a norma que garanta o distanciamento social de, a lo menos metro e medio, en relación co público asistente e con respecto a outros artistas que poidan estar desenvolvendo a mesma actividade no ámbito. Se esixe unha distancia maior, tendo en conta que os artistas musicais, en moitos casos non poden usar máscaras de protección bucal.

Asemade, serán responsables de que as persoas que contemplan o espectáculo garden entre elas a distancia de seguridade ou utilicen máscaras.

En consecuencia, procede, a lo menos de xeito temporal, deixar sen efecto o Anexo 1 das normas que rexen as actividades artísticas promovidas por particulares en espazos públicos, sendo substituído polo disposto nesta resolución.

Xunto coa relación de artistas que se publicará o día 23 de xuño, se achegará os planos nos que recollen os lugares autorizados e o emprazamento concreto dos postos, de xeito que os artistas e artesáns deberán ocupar o posto autorizado sen extralimitarse da súa delimitación e respectando os postos colindantes, para garantir as distancias de seguridade axeitadas para evitar o contaxio.

Asemade, procurarase que os cidadáns que contemplan a exposición ou disfruten da música utilicen as máscaras de protección.

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR14I1GX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-06-20 09:15

Asemade, os artistas e artesáns deberán adoptar as medidas xerais de hixiene e prevención, contempladas no artigo 2 da Resolución da Consellería de Sanidade, anteriormente citada:

a) Limpeza e desinfección adecuadas ás características e intensidade de uso dos postos: Nestas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, para elo:

1ª) Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

2ª) Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro e procederase posteriormente ao lavado de mans.

b) Así mesmo, cando existan postos de traballo compartidos por máis dun traballador, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.

Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

c) Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día.

d) Aqueles materiais que sexan subministrados aos usuarios durante o desenvolvemento da actividade e que sexan de uso compartido deberán ser desinfectados logo de cada uso.

e) Durante todo o proceso de exposición da obra artística ou artesán deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal establecida entre o vendedor e o consumidor, que deberá ser de 1,5 m, coma mínimo, aínda se conte con elementos de protección ou barreira.

f) O artista ou artesán será responsable de que o público garde en todo momento a distancia de seguridade interpersonal, tanto con respecto a súa persoa como entre clientes, para elo, poderá utilizar cartellaría e sinalización que se situará no ámbito de ocupación de cada posto, sen exceder do mesmo.

g) Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nos propios postos, para a hixiene de máns.

h) Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección de cada posto, con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos. Calquera obra que se mostre o público deberá ser tamén debidamente desinfectada en cada uso ou manipulación. En todo caso, non será posible

i) Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos interesados.

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR14I1GX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-06-20 09:15

III.- Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para ditar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por acordo de 17 de xuño de 2019, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa

Visto o exposto nos parágrafos anteriores; así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e as Ordenanzas Municipais de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública e Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria.

RESOLVO:

APROBAR a modificación do artigo 8 e o Anexo 1 das Normas Reguladoras da Realización de Actividades Artísticas na Vía Pública Promovidas por Particulares, no senso indicado nesta resolución.

Esta resolución publicarase na páxina web do Concello para xeral coñecemento e se acompañará unha copia da mesma cando se faga público o listado correspondente a este trimestre.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

Gonzalo Muíños Sánchez


CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Mobilidade,
Seguridade Cidadá e Tráfico